

CERTIFICACIÓN

Lucia Artime Alonso, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 05 de marzo de 2026, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SÉTIMO. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO ANO 2025 POR CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS. EXPEDIENTE GD 2061/2026

No Plan estratéxico de subvencións para o período 2026-2027, aprobado polo Pleno de 29.01.2026, recóllese a seguinte liña de axudas:

LINEA DE SUBVENCIÓN	SUBVENCIÓN ENTIDADES DEPORTIVAS
OBXECTIVOS	<i>Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos, autofinanciamento das entidades, complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría</i>
EFFECTOS PRETENDIDOS	<i>Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.</i>
DESTINATARIOS	<i>Asociacións e clubs deportivos existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións</i>
PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	2026-2027
CUSTE ANUAL PREVISTO 2026	80.000,00 €
CUSTE ANUAL PREVISTO 2027	80.000,00 €
FUNCIONAL	341
ECONÓMICA	48910
FINANCIAMENTO	Fondos propios con cargo á funcional sinalada
PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva

Figura no expediente providencia da Alcaldía de inicio do expediente [\(CSV:15220IDOC204B317232F12A84093\)](https://sede.concellodeames.gal/15220IDOC204B317232F12A84093)

Figura no expediente informe proposta da Concellaría de Deportes sobre as bases e a convocatoria das axudas do 02.03.2026 [\(CSV:15220IDOC2374354E770DC69439C\)](https://sede.concellodeames.gal/15220IDOC2374354E770DC69439C)

Figura informe de Secretaría sobre o procedemento e lexislación aplicable
[\(CSV:15220IDOC204BA866B2BE13742B8\)](#)

Figura informe de fiscalización favorable da Intervención municipal FRB202600169-F
[\(CSV:15220IDOC2FA6A724113D03D44AC\)](#)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da alcaldía (decreto 1983/2023, BOP nº 120, de 26.06.2023), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar as bases reguladoras das subvencións para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas do concello de Ames no exercicio 2025, que figuran como Anexo I deste acordo.

Segundo. Aprobar a convocatoria de subvencións para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs asociacións deportivas do concello de Ames no exercicio 2025.

Terceiro. Aprobar o gasto por importe de 80.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 341.489.10 do orzamento municipal vixente no exercicio 2026.

Cuarto. Ordenar a publicación do Acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS, a través do envío do extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións quen o remitirá ao Boletín Oficial da Provincia. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO ANO 2025 POR CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS.

Datos do programa:

Concellaría	Deportes
Anualidade	2026
Denominación	Axudas á promoción de actividades levadas a cabo no ano 2025 por clubs e asociacións deportivas
Beneficiarios	Asociacións e clubs deportivos que cumpran os requisitos establecidos
Aplicación orzamentaria	341.489.10
Importe da convocatoria	80.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo de 8.000,00 €
Coefficiente de financiamento	Máximo do 80%

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames, no marco das súas competencias en materia deportes (artigo 25 da LRBRL), destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades deportivas coa finalidade de contribuir á existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.

1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2025).

2.- BASES ESPECÍFICAS

BASE 1.- OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a promover actividades desenvoltas durante o exercicio 2025 polas asociacións e clubs deportivos do Concello de Ames, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, conforme a disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

A través da presente convocatoria, a Concellaría delegada de Deportes propón a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.

- a) A chegar a práctica deportiva ao maior número posible de individuos, empregando para isto aos colectivos existentes no Concello, como mellor instrumento para acadar este fin.
- b) A existencia dunha vida deportiva estable dentro do Concello de Ames, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- c) A participación activa dos/as veciños/as nunha actividade, o deporte, de claro interese público, como medio de promover a formación dos máis novos, e de propiciar a convivencia entre os veciños e veciñas.
- d) Poñer a disposición do Concello información completa e actualizada das asociacións sen ánimo de lucro do municipio, co fin de promover unha relación fluída cas mesmas, e posibilitar o deseño de políticas eficaces que permitan dinamizar a actividade dos particulares que resulte complementaria das competencias municipais.

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos secundarios:

- Primar o fomento do deporte entre a xente nova.
- Primar a complementariedade e colaboración con actividades deportivas municipais.
- Acadar o autofinanciamento das entidades como medio de propiciar a sustentabilidade dos clubs e asociacións deportivas, primando aquelas que acheguen unha maior porcentaxe de fondos alleos ao Concello para financiar as actividades desenvoltas.
- Establecer como requisito para acceder á convocatoria a actualización permanente da inscrición no rexistro municipal de asociacións.
- Fomentar a práctica do deporte feminino primando a aquelas entidades que o promovan.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Regulamento (UE) n° 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (Boletín Oficial da Provincia núm. 23, do 4 de febreiro de 2025).
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006 (Boletín Oficial da Provincia núm. 198, do 29 de agosto de 2006).

BASE 3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas a promover actividades desenvolvidas durante o exercicio 2025 polas asociacións e clubs deportivos do Concello de Ames.

BASE 4.- FINANCIAMENTO E CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

O importe da consignación ascende a un total de 80.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341.489.10 do orzamento vixente para 2026.

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os oito mil euros (8.000,00 €) nin o 80% do custe total do proxecto subvencionable.

BASE 5.- BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións as entidades ou clubs deportivos que realicen actividades de índole deportiva no Concello de Ames que cumpran tanto os requisitos xerais como os específicos da convocatoria que se sinalan a continuación:

5.1. Requisitos xerais

Os beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

1. Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.
3. Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga

5.2. Requisitos específicos da convocatoria

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións e clubs deportivos que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas.
2. Figurar inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Ames antes do 31-12-2024. Será requisito indispensable que os datos da inscrición da asociación estean debidamente actualizados no momento de solicitar a achega.
3. Desenvolver as súas actividades no termo municipal do Concello de Ames

5.3. Entidades e clubs excluídos

Non poderán optar a estas subvencións as entidades e clubs deportivos que fosen beneficiarias/os dunha subvención nominativa durante o ano 2025.

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables ao abeiro desta convocatoria as actividades de índole deportiva desenvoltas polas entidades e clubs indicados na base 5, así como a adquisición de material inventariable, cun límite do 20% do orzamento total.

Considéranse subvencionables os gastos que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que de maneira indubidable correspondan ás actividades subvencionadas.
2. Que poidan ser acreditados mediante a presentación de facturas e/ou xustificantes de gasto, así como polos correspondentes xustificantes de pago.
3. Que foran efectivamente pagados antes da finalización do prazo establecido para a xustificación.
4. Que o seu prezo se axuste ao prezo de mercado

Con carácter enunciativo, serán subvencionables os seguintes conceptos de gasto, sempre que cumpran os restantes requisitos:

- As cotas de inscrición en competicións oficiais.
- Dereitos de xuíces e árbitros oficiais.
- Cotas a entidades deportivas (licenzas das federacións).
- Equipamento de adestramento e competición.
- Primas seguros (seguros deportivos e outros relacionados coa actividade deportiva).
- Os gastos derivados da contratación de persoal directamente relacionado cos programas obxecto da subvención.
- Traballos realizados por outras empresas (lavandería e seguridade).
- Aloxamentos e mantención para o desenvolvemento da actividade.
- Transportes (utilización de medios de transporte a cargo da entidade para o desenvolvemento da actividade. Non se admite transporte particular).
- O alugueiro de material imprescindible para o desenvolvemento das actividades previstas.
- Outros gastos relacionados coa actividade subvencionada.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, o/a beneficiario/a deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da prestación do servizo, salvo que polas esenciais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á convocatoria da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme aos criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta de menor importe.

6.2. Gastos non subvencionables

Non serán subvencionables os seguintes gastos:

- A realización de obras.
- Os gastos correntes (facturas de luz, teléfono, xuros e outros gastos de contas bancarias)
- Xuros, recargas e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación.
- Gastos que non se axusten aos conceptos recollidos nos apartados anteriores ou non se correspondan co período fixado nesta convocatoria.

6.3. **Ámbito temporal**

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realizaran no período comprendido **entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025**.

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓN

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Ames.

BASE 8.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

8.3. Lugar de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/es/>) mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria. Igualmente poderá presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Administración Xeral do Estado.

8.4. Documentación

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	<p>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN</p> <p>Xunto con este anexo, <u>os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación</u>:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Descrición detallada da actividade para a que se solicita a subvención. - Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención. - Certificación oficial federativa do número de licenzas no ano 2025 ou, no caso de non ser deporte federado, por non estar recollida a modalidade nunha federación deportiva, documento que especifique o número total de licenzas, así como a indicación do número de licenzas femininas e masculinas. - Certificación oficial federativa onde se especifique a categoría de competición na que militaron ou participaron os equipos ou categorías que compoñen a entidade no ano 2025. - Acreditación do emprego da lingua galega nos soportes de difusión das actividades do club.
ANEXO 2	<p>DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA QUE OSTENTA A REPRESENTACIÓN LEGAL DA ENTIDADE.</p>

As solicitudes das asociacións deberán presentalas os presidentes/as, e as persoas que ocupen este cargo deberán constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- e) Proporcionar ao servizo xestor e instructor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- f) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.
- g) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- j) Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón a Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- k) Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

Difusión do carácter público do financiamento. As entidades beneficiarias deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei xeral de subvencións.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida, así coma a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

En particular, todos os clubs e entidades deportivas que reciban subvención nesta convocatoria terán que levar na súa vestimenta deportiva o logo do Concello de Ames e, en caso de dispor de medio de transporte, un adhesivo do citado logo. Tamén se utilizará o citado logo na páxina web, así coma nas redes sociais oficiais da entidade.

BASE 10.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

10.1. Instrución

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Deportes, que terá o carácter de órgano instructor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.
2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoracións establecidos nesta base.

4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

5. O órgano instrutor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.

6. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

10.2. Comisión Avaliadora

1. A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a	- A persoa titular da Alcaldía
Vogais	- A persoa titular da Concellería delegada en materia de deportes - O/a animador/a deportivo/a, que actuará igualmente como secretario/a da Comisión

2. A Comisión Avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte (10.3).

10.3 Criterios de valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das subvencións a conceder determinarase despois da consideración das actividades a realizar e dos certificados federativos presentados, de acordo en todo caso co seguinte baremo:

	DESCRIPCIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
A	Número de beneficiarios	30 puntos
B	Participacións en competicións	24 puntos
C	Número de equipos/ categorías que compoñen o proxecto	5 puntos
D	Solicitude de subvención a outros organismos públicos	10 puntos
E	Organización e colaboración en eventos deportivos e actividades organizadas ou promovidas polo Concello de Ames	10 puntos
F	Promoción do deporte base	10 puntos
G	Promoción do deporte feminino	10 puntos
H	Promoción da lingua galega	1 punto
TOTAL		100 PUNTOS

A. Número beneficiarios/as (LICENCIAS FEDERATIVAS): ata 30 puntos

15-30	31-50	51-70	71-90	91-110	111-130	131-150	+151
4 ptos.	8 ptos.	12 ptos.	16 ptos.	20 ptos.	24 ptos.	28 ptos.	30 ptos.

* Non se contarán as licencias pertencentes a equipos das escolas deportivas municipais

B. Participación en competicións: ata 24 puntos

Competicións a nivel local, veteranos/máster	Competicións a nivel provincial	Competicións a nivel autonómico	Competicións a nivel nacional
5	10	15	24

* Cada club obterá unha porcentaxe de cada puntuación dependendo do número de equipos, categorías ou deportistas que compitan en cada nivel de competición. En función do anterior sacarase a puntuación media que acade a entidade en relación ás distintas competicións nas que participen os seus deportistas e equipos.

C. Número de equipos/categorías que compoñen o proxecto: ata 5 puntos (0,5 puntos por cada categoría ou equipo que compoña o proxecto)

D. Solicitude de subvencións por parte da entidade a outros organismos públicos: ata 10 puntos

- Secretaría Xeral para o Deporte: 5 puntos.
- Deputación da Coruña: 5 puntos

E. Organización e colaboración en eventos deportivos organizados ou promovidos polo Concello de Ames, así como organización de actividades de promoción, eventos deportivos propios, cursos de iniciación, talleres, campus, seminarios, cursos de formación deportiva, actividades de promoción en centros educativos... Valorarase positivamente que se abran este tipo de actividades á poboación xeral (non só aos membros do club) e a contía das tarifas que se lle cobren aos usuarios/as pola participación nas actividades (ata 10 puntos). Como referencia puntuarase con 0,5 puntos pola colaboración en eventos deportivos organizados pola Concellaría de Deportes do Concello, 1 punto (actividades puntuais con certa repercusión), con 2 puntos (eventos deportivos multitudinarios a nivel provincial ou autonómico, campus de promoción deportiva) e con 3 puntos (eventos deportivos multitudinarios a nivel nacional e cursos de promoción ou iniciación de máis dunha semana de duración).

F. Promoción do deporte base: ata 10 puntos. Número de deportistas (licencias federativas) menores de 18 anos.

10-20	21-40	41-60	61-80	+81
2 ptos	4 ptos	6 ptos	8 ptos	10 ptos

G. Promoción do deporte feminino: ata 10 puntos (número de licencias femininas)

1-5	6-10	11-15	16-20	21-25	26-30	31-35	36-40	41-45	+46
1 punto	2 puntos	3 puntos	4 puntos	5 puntos	6 puntos	7 puntos	8 puntos	9 puntos	10 puntos

H. Promoción da lingua galega: 1 punto

Valorarase que a entidade utilice a lingua galega na realización das actividades e que cumpra os seguintes requisitos: que a difusión e desenvolvemento das actividades se faga en galego e que a cartelaría e uso dos medios de comunicación e redes sociais se faga tamén en galego.

* Quedarán fóra da convocatoria aqueles clubs ou asociacións deportivas que non obteñan un mínimo de 10 puntos.

10.4 Determinación do importe da subvención concedida

O importe da subvención concedida a cada club ou asociación deportiva virá determinado pola seguinte fórmula:

Contía da subvención = Puntos obtidos pola actividade obxecto de subvención * Valor do punto.

O valor punto calcularase segundo a seguinte fórmula:

$Valor\ punto = \frac{Crédito\ total\ a\ distribuír\ na\ presente\ convocatoria}{Total\ de\ puntos\ obtidos\ polas\ actividades\ presentadas\ por\ todos\ os\ clubs\ e\ asociacións\ deportivas.}$

Unha vez obtido o valor punto en euros multiplicarase polos puntos obtidos por cada un dos proxectos, coas seguintes limitacións: 8.000 euros por proxecto ou 80% do custe total do proxecto (Base 4 e 6 da presente convocatoria).

No caso de que aplicando os límites anteriores resulte un sobranse, o dito sobranse repartirase volvendo a calcular un valor punto, que será o resultado de dividir o importe sobranse entre a suma de todos os puntos de aqueles proxectos subvencionables que non alcanzasen o seu límite no apartado anterior.

Como máximo subvencionarase o 80% do orzamento subvencionable. O coeficiente de financiamento (CF) é igual ao importe da subvención concedida polo Concello de Ames entre o importe total do orzamento da actividade, expresado en porcentaxe.

O CF é constante, de xeito que no caso de que diminúa o orzamento definitivo da actividade, o importe da subvención tamén diminuirá proporcionalmente para manter dito coeficiente de financiamento.

A suma das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo/a beneficiario/a.

10.5. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado.

As que desestimen as solicitudes ou as que non se admitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

Así mesmo, a resolución incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo as condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de entidades beneficiarias, non sexan estimadas por non cumprir os requisitos de puntuación mínima, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.6. Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de dous meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.7. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a achega concedida.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

11.1. Importe a xustificar

O importe a xustificar será o resultado de dividir a achega concedida entre 0,80, sendo esta achega o 80% do importe a xustificar.

11.2. Prazo de xustificación

O prazo de xustificación **finalizará o 30 de xuño de 2026.**

Este prazo poderá ser ampliado ata o 31 de xullo de 2026, como máximo, previa solicitude da persoa interesada presentada antes do 30 de xuño de 2026.

O prazo tamén pode ampliarse previa proposta razoada da unidade xestora.

11.3. Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 3 destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Relación clasificada de gastos con identificación do acredor, o concepto de gasto, o seu importe, nº de factura, data de emisión e data de pagamento. Deberán achegarse os orixinais das facturas ou xustificantes do gasto que deberán ir acompañados da documentación acreditativa do pago. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data do mesmo.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. **É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.**

No caso de gastos nos que consten retencións do IRPF, terán que presentar o xustificante da declaración correspondente na Axencia Tributaria (modelos 111 e 190) e o xustificante de pagamento (extractos ou cargos bancarios).

Os beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias..) e **só excepcionalmente** poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, recibos de aparcadoiro, etc) e en todo caso para gastos non superiores a 150 €.

Para facilitar o control da concorrencia de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade, as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto, deberase achegar:

- Contratos de traballo.
- Nóminas aboadas e os boletíns de cotización á seguridade social RNT (Relación Nominal de Traballadores) e RLC (Recibos de Liquidación de Cotizacións), así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).
- Declaración IRPF presentadas para aqueles gastos aos que se lle aplicase retención (modelos 111 e 190), así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

4. Material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na base 9.2.b). Acreditación da utilización do logotipo do Concello de Ames na vestimenta de competición, no material gráfico de difusión e na páxina web da entidade, e do emprego da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

A documentación relativa á xustificación presentarase no rexistro electrónico do Concello. A persoa representante ou presidente/a da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se axunten na sede electrónica son orixinais. Todos os anexos (I, II e III) terán que vir asinados **electronicamente pola persoa representante e deberán presentarse de forma separada.**

11.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/a

interesado/a.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao importe a xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- b) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, pero superior ao 60% do importe a xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.
- c) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 60% do importe a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto nas normas de xeral aplicación.

Completada a documentación e emitido o informe proposta favorable ao pagamento, no que se concrete o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar ao/a beneficiario/a, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

11.5. Xustificación extemporánea

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases, ou de prórroga concedido conforme a estas, sen que o/a beneficiario/a presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

11.6. Pagamento

Regúlase o pagamento anticipado do 50% do importe da subvención concedida, en virtude do disposto no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro. No momento de acordar a concesión da axuda tamén se acordará o pagamento anticipado do 50% do importe concedido.

Non será preciso que as entidades beneficiarias presenten garantía en virtude do disposto no artigo 42.1 do Regulamento da citada lei, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

No caso de que as entidades beneficiarias non xustifiquen o importe concedido deberá reintegrar o 50% da axuda anticipada, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador aplicable.

O pagamento do 50% restante farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro, en cuxo caso deberá acordarse o inicio do procedemento de reintegro do 50% do pagamento anticipado.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Ames advertirase ao/a beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación.

De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada e o reintegro do 50% anticipado.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

No caso de que as entidades beneficiarias non xustifiquen o importe concedido deberá reintegrar o 50% da axuda anticipada, sen prexuízo do réxime sancionador que resulte aplicable.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

No caso de incumprimento dos prazos de xustificación, adecuaranse ao previsto no capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

Ata un mes de atraso: 75€.

Entre un e tres meses de atraso: 300€.

Mais de tres meses de atraso: 600€.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

a) En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

A cesión de datos de carácter persoal que, en virtude do contido no citado artigo debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado.

Segundo o artigo 30 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a publicidade das subvencións realizarase de acordo co establecido para a publicidade de subvencións e axudas públicas da Base de Datos Nacional de Subvencións.

b) En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello facilitará á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia información sobre as subvencións xestionadas polo Concello, nos termos previstos regulamentariamente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada nunha misión realizada en interese público, fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello facilitará á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia información sobre as subvencións xestionadas polo Concello, nos termos previstos regulamentariamente.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025.

ANEXO 1. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Nota.- Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- Descrición detallada da actividade para a que se solicita a subvención.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- Certificación oficial federativa do número de licenzas no ano 2025 ou, no caso de non ser deporte federado, por non estar recollida a modalidade nunha federación deportiva, documento que especifique o número total de licenzas, así como a indicación do número de licenzas femininas e masculinas.
- Certificación oficial federativa onde se especifique a categoría de competición na que militaron ou participaron os equipos ou categorías que compoñen a entidade no ano 2025.
- Acreditación do emprego da lingua galega nos soportes de difusión das actividades do club.

Nome a apelidos da persoa representante (presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Localidade / Municipio	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Actuando en representación de (**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**):

Nome da entidade	
CIF	
Enderezo	
Localidade / Municipio	
Teléfono de contacto	
Nº de Rexistro Municipal de Asociacións	
Nº de persoas asociadas	
Nome do secretario/a	
Enderezo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a promoción de actividades realizadas por asociacións e clubs deportivos durante o exercicio 2025, SOLICITO ao abeiro desta convocatoria a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

Nota.- Deberase describir, de xeito suficientemente detallado, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se espera acadar coa mesma, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non sexa suficiente, poderán empregarse os documentos adicionais necesarios, documentos que serán presentados xunto con esta solicitude).

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO ANO 2025

--

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
05/03/2026 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
05/03/2026 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F745BA15AEFFAE46A6

--

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

1	
2	
3	

DATOS PARA A VALORACIÓN DA SOLICITUDE

NÚMERO DE LICENCIAS FEDERATIVAS	
MASCULINAS	
FEMININAS	
TOTAL	

EQUIPOS OU CATEGORÍAS QUE COMPOÑEN A ENTIDADE

EQUIPO/ CATEGORÍA	COMPETICIÓN NA QUE PARTICIPA

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
05/03/2026 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
05/03/2026 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaria
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F745BA15AEFEAE46A6



FEDERACIÓN ASOCIADA Á ACTIVIDADE	
MODALIDADE DA ACTIVIDADE	

ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS E INGRESOS DESTINADOS A ESTA CONVOCATORIA

DESCRICIÓN DO GASTO ESTIMADO (Gastos subvencionables nesta convocatoria)	IMPORTE
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
TOTAL	
INGRESOS	
DESCRICIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE DESTA CONVOCATORIA (identificar a Administración concedente)	IMPORTE
TOTAL	
DESCRICIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA OUTRAS FINALIDADES DA ENTIDADE	
DESCRICIÓN DO FINANCIAMENTO PROPIO DA ENTIDADE DESTINADO A ESTA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN	IMPORTE
1.	
2.	
3.	
4.	
TOTAL	

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
05/03/2026 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
05/03/2026 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F745BA15AEFEAE46A6

IMPORTE SOLICITADO (Do 20% ao 80% do orzamento estimativo de gastos) <i>* Como máximo subvencionarase o 80 % do orzamento subvencionable.</i>	
---	--

*** Os ingresos destinados a esta convocatoria de subvención sumados ao importe solicitado non poderán superar os gastos estimados subvencionables nesta convocatoria de subvención.**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
<i>Responsable do tratamento</i>	Concello de Ames
<i>Finalidades do tratamento</i>	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive da convocatoria das axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
<i>Lexitimación para o tratamento</i>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
<i>Destinatarios dos datos</i>	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
<i>Exercicio de dereitos</i>	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
<i>Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional</i>	https://www.concellodeames.gal/ql/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, ____ de _____ de 202_

O/a presidente/a da Entidade (asinado electronicamente)

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025
ANEXO 2. DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

<i>Nome a apelidos da persoa representante (presidente/a da entidade)</i>	
NIF	

Actuando en representación de (**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**):

Nome da entidade	
CIF	

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha achega do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

1. Que a entidade representada por min acepta as bases da convocatoria.
2. Que a entidade representada por min está debidamente constituída e que dispón de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
3. Que a entidade representada por min está inscrita no rexistro de asociacións do Concello de Ames
4. Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
5. Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha subvención pública.
6. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade representada por min implique o contacto habitual con menores de idade, comprobouse que o persoal a cargo da entidade non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual e que se compromete a facer a comprobación no caso de persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas.
7. Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se adica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO	
A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa	
No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Ames ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA
Estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Ames	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive da convocatoria das axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas, verificar os datos

	achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoas

Ames, ____ de _____ de 202_

O/a presidente/a da Entidade (asinado electronicamente)

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO AMES NO EXERCICIO 2025
ANEXO 3. CONTA XUSTIFICATIVA

Nome a apelidos da persoa representante (presidente/a da entidade)	
NIF	

Actuando en representación de (**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**):

Nome da entidade	
CIF	

DECLARO:

- Que foron efectuadas as actividades financiadas coa achega concedida polo Concello de Ames para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións e clubs deportivos, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2025, e que se acadaron os obxectivos propostos.
- Que os documentos presentados xunto coa conta xustificativa son orixinais polo que se responde da súa veracidade.
- Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da entidade por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS DESTINADOS A ESTA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN (Gastos subvencionables)

--	--	--	--	--

RELACIÓN DE INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE

(Marque unha das dúas opcións)

A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames.

Neste suposto terá que indicar na seguinte táboa o importe concedido nesta convocatoria de subvención polo Concello de Ames, así como os recursos propios da entidade que financiaron a parte non subvencionada.

A entidade obtivo as subvencións ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames.

Neste suposto terá que indicar na seguinte táboa o importe concedido nesta convocatoria de subvención polo Concello de Ames, o importe concedido por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, así como os recursos propios da entidade que financiaron a parte non subvencionada.

TÁBOA DE INGRESOS (marque a procedencia e o importe de xeito individualizado)

PROCEDENCIA	Importe
Subvencións de calquera entidade concedente pública ou privada, patrocinios, cotas asociados, fondos propios da asociación, etc	
CONCELLO DE AMES (Importe concedido subvención exercicio 2025)	
FONDOS PROPIOS DA ASOCIACIÓN	
OUTROS:	
Total	

* A suma da relación de ingresos que financiaron a actividade (subvencións e outros ingresos) terá que ser igual á cantidade dos gastos xustificadas para esta convocatoria de subvención.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive da convocatoria das axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril,

tratamento	reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, ____ de _____ de 202_

O/a presidente/a da Entidade (asinado electronicamente)

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do alcalde, advertindo que a acta da sesión correspondente está pendente de aprobación. A data será a da sinatura dixital.

Visto prace

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Lucia Artime Alonso

DATA DE SINATURA: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
05/03/2026 2552C5906968C16B9F66B4BE9697BB9BF010C732
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
05/03/2026 2552C5906968C16B9F66B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretaria
Alcalde

NOME: Lucia Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOCZF745BA15AEFFAE46A6